

OS MAIOS 2019

BASES

Primeira.-

A Delegación de Cultura do Concello de Monforte de Lemos coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, convoca o **Concurso OS MAIOS**, que se realizará o **mércores 8 maio de 2019**.

Segunda.-

Poderán participar no Concurso tódolos monfortinos que o desexen.

Terceira.-

O tema tratará sobre calquera tipo de Maio.

Cuarta.-

Os Maios sairán a percorrer as rúas da cidade libremente e xuntaranse na Praza de España ás 17:30 horas, onde se interpretarán as coplas.

Quinta.-

Criterios de valoración do xurado:
Valorarase a imaxinación, a idea, a estética, a orixinalidade e os materiais utilizados.

Sexta.-

Os premios serán por participación e terán todos unha contía de 75€.

Sétima.-

O xurado do concurso estará composto por:
A Delegada de Cultura ou persoa á que designe. Persoas de diferentes ámbitos sociais, educativos e culturais de Monforte de Lemos.
O técnico de cultura do Concello de Monforte, con voz e sen voto que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.

Oitava.-

Os aboamentos dos premios serán tramitados polo Concello de Monforte de Lemos mediante vales para a compra no comercio local, estes establecementos en ningún caso poderán exercer a súa actividade mediante a fórmula de C.B.

O prazo máximo para facer efectivo os vales será dun mes a partir da súa recepción.

Novena.-

As solicitudes para a inscrición, así como as coplas deberán presentarse para a participación no concurso no Rexistro Xeral do Concello de Monforte. O último día de presentación destas será o 7 de maio antes das 14:00 h



Praza de España
mércores 8 de maio ás 17:30 h